

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 24 de agosto de 2015 pola que se modifica parcialmente a Resolución do 14 de abril de 2015 pola que se adxudican as axudas da Orde do 28 de novembro de 2014 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2014, e se procede á súa convocatoria.

A Orde do 28 de novembro de 2014 (DOG núm. 236, do 10 de decembro), establece as bases polas que se rexerá a concesión das axudas de apoio á etapa predoutoral, no marco do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2014, en réxime de concorrència competitiva.

A Resolución do 14 de abril de 2015 (DOG núm. 75, do 22 de abril), adxudica as axudas ás universidades do Sistema universitario galego (SUG) que contraten as persoas candidatas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa predoutoral que aparecen na dita resolución.

No artigo 13 da orde de convocatoria establécese que, no caso de que se produza algunha renuncia, o órgano de resolución da convocatoria poderá adxudicar a axuda ás solicitudes da lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza dentro do prazo de catro meses a partir da data de resolución, e que as persoas substitutas quedarán suxeitas ás mesmas condicións durante o tempo de aproveitamento da axuda, sen que en ningún caso o período das axudas poida superar o indicado no artigo 3 da dita orde.

En consecuencia, atendendo ás renuncias recibidas na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

RESOLVO:

Primeiro. Aceptar as renuncias presentadas nas modalidades A e B polas universidades e persoas candidatas seleccionadas que se relacionan no anexo I.

Segundo. Adxudicar as axudas ás universidades e persoas candidatas das listas de espera das modalidades A e B que se relacionan no anexo II. Os novos contratos deberán formalizarse con data do 1 de outubro de 2015.

CVE-DOG: 8le9lwh1-ck74-4jr3-3fb6-jpg4wxbngr76



Terceiro. Declarar extinguidas as listas de espera unha vez finalizado o prazo de substitucións.

Cuarto. Redistribuír o crédito destinado ao financiamento destas axudas entre as universidades do SUG, segundo a data de inicio dos contratos, das renuncias producidas e das novas adxudicacións.

Modalidade A: 70 axudas.

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Modalidade A				
			Crédito (en euros)				
			2015	2016	2017	2018	Total
09.40.561B.444.0	UDC	14	149.688,41	301.000,00	301.000,00	151.311,59	903.000,00
09.40.561B.444.0	USC	39	432.342,41	838.500,00	838.500,00	406.157,59	2.515.500,00
09.40.561B.444.0	UVIGO	17	192.204,72	365.500,00	365.500,00	173.295,28	1.096.500,00
Total		70	774.235,54	1.505.000,00	1.505.000,00	730.764,46	4.515.000,00

Modalidade B: 12 axudas.

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Modalidade B				
			Crédito (en euros)				
			2015	2016	2017	2018	Total
09.40.561B.444.0	UDC	2	25.628,76	49.000,00	49.000,00	23.371,24	147.000,00
09.40.561B.444.0	USC	1	12.814,38	24.500,00	24.500,00	11.685,62	73.500,00
09.40.561B.444.0	UVIGO	9	105.473,37	220.500,00	220.500,00	115.026,63	661.500,00
Total		12	143.916,51	294.000,00	294.000,00	150.083,49	882.000,00

Modalidade C: 12 axudas.

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Modalidade C				
			Crédito (en euros)				
			2015	2016	2017	2018	Total
09.40.561B.444.0	USC	12	153.772,56	294.000,00	294.000,00	140.227,44	882.000,00
Total		12	153.772,56	294.000,00	294.000,00	140.227,44	882.000,00



Quinto. O artigo 9 da orde de convocatoria establece que as universidades serán as encargadas do pagamento dos correspondentes contratos, así como da presentación da xustificación ante a Secretaría Xeral de Universidades para o libramento das axudas.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Sexto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2015

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: 8le9lwh1-ck74-4jr3-3fb6-jpg4wxbngr76





ANEXO I

Renuncias aceptadas da lista de solicitudes concedidas

Modalidade A:

Nº expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Rama de coñecemento	Modalidade A	Modalidade B	Modalidade C	Clúster	Total
ED481A-2015/385	UVIGO	Abril	Comesaña	Sheila	*****815D	Ciencias	1	-	-		70,4337
ED481A-2015/142	USC	Brito	Román	Juan Carlos	*****410	Ciencias Sociais e Xurídicas	1	-	-		68,484

Modalidade B:

Nº expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Rama de coñecemento	Modalidade A	Modalidade B	Modalidade C	Clúster	Total
ED481A-2015/021	UVIGO	Cabirta	Falque	Ana Dorinda	*****398L	Ciencias	2	1	-	Uso sustentable dos recursos mariños	59,5642

ANEXO II

Persoas candidatas da lista de espera adxudicadas

Modalidade A:

Nº expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Rama de coñecemento	Modalidade A	Modalidade B	Modalidade C	Clúster	Total
ED481A-2015/063	USC	Canedo	Barreiro	María	*****649E	Artes e Humanidades	1	-	-		63,6885
ED481A-2015/428	UDC	Carpente	Recouso	Adrián	*****238D	Enxeñaría e Arquitectura	1	-	-		63,598

Modalidade B:

Nº expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Rama de cofecemento	Modalidade A	Modalidade B	Modalidade C	Clúster	Total
ED481A-2015/250	UVIGO	Román	Geada	Marta	*****013W	Ciencias	2	1	-	Xestión integral do mar	53,2978



CVE-DOG: 8le9iwh1-ck74-4jr3-3fb6-jpg4wxbngr76

